

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Departamento de Francés

Curso 2020-2021

INDICE

1.	COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO	3
2.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
3.	DESENVOLVEMENTO COMPETENCIAS CLAVE. ESTÁNDARES APRENDIZAXE	6
4.	CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS PARA O CURSO	9
5.	CONCRECIÓN DOS CONTIDOS	10
6.	CONCRECIÓN ESTÁNDARES AVALIABLES. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	10
7.	METODOLOXÍA DIDÁCTICA	131
8.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	134
9.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN CONTINUA. INSTRUMENTOS E CRITERIOS	135
10.	PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	136
11.	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	136
12.	ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES	136
13.	ORGANIZACIÓN PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS	138
14.	AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS	138
15.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	138
16.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	139
17.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	140
18.	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS	140

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Este curso, impartirán a materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira a profesora Dona Sandra Poti Ferreira, profesora especialista de Francés con destino definitivo no centro, e Xefa de Departamento con 18 horas e 6 niveis diferentes e Dona Olalla Calo Romay, profesora de Inglés con destino provisional no centro, con 6 horas de francés e dous niveis, 4 en 1º da Eso e 2 en 2º da Eso.

REPARTO DE GRUPOS E NÚMERO DE ALUMNOS

NIVEL	1º ESO			2º ESO			3º ESO		4º ESO	1º BAC	2º BAC 2ªL
GRUPO	A	B	C	A	B	C	A	B	A + B	A + B	B
ALUMNOS	12	21	16	19	23	11	15	9	4 + 5	8 + 2	1 + 8
TOTAL	49			53			24		9	10	9

Alumnos *exentos* da materia e que acoden a Reforzo ou a actividades de estudo:

1º a: 3 exentos

1º b: 5 exentos

2º b: 1 exentos

2º c: 1 exento

4º a: 3 exentos

2ºbacharelato b: 1exento

Destacamos que este ano, grazas ós desdobres na Eso, os grupos son moito menos numerosos para o ensino dunha lingua estranxeira. En 1º e 2º da ESO, desdobramos ás mesmas horas as 2 profesoras de francés e a de portugués, polo que a profesora interina imparte clases nos dous niveis, e a especialista de francés, en 6. En 3º da Eso non se fixo este desdobre, polo que as aulas quedaron menos equilibradas, pois todos os alumnos de Portugués van en 3º B.

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación adaptarase á Lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro e ao Decreto 86/2015, do 25 de xuño. A aprendizaxe das linguas estranxeiras constitúe unha necesidade de achegamento á información, ao coñecemento e as tecnoloxías, así como as distintas formas e estilos de vida e maneiras de pensar de diferentes culturas.

É este coñecemento o que posibilita o contacto con costumes e formas de vida diferentes e o que promove unha actitude de tolerancia e respecto cara a outros países, aos seus falantes e á súa cultura.

Dende a materia de lingua estranxeira, a contribución á competencia no tratamento da información e a competencia dixital vai ser esencial. O *tratamento da información* vaise traballar desde esta área como un contido específico a través das actividades que requiran do alumnado o manexo de fontes informativas en distintas linguas, soportes e modelos lingüísticos e o seu procesamento e presentación posterior.

Da mesma maneira a contribución á *competencia dixital* vai ser continua, dende o uso das TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: Aula Virtual do centro, Google Classroom, chats, correo electrónico, blogs, etc, pasando polo uso de distintas ferramentas dixitais: CD, DVD, internet, presentacións, ata o uso de distintos recursos para a aprendizaxe das linguas: programas de software específicos e apps, páxinas web, dicionarios en liña, etc.

Na actualidade o noso país vive inmerso no proxecto de construción dunha Europa firme e consolidada. As institucións europeas están cada vez máis presentes en cada un dos países e a tendencia xeral é unificar criterios en todas as materias.

No ámbito da Educación xorde o *Marco de referencia europeo* para a aprendizaxe das linguas estranxeiras, o cal establece os obxectivos, os contidos e as competencias que debe acadar e desenvolver calquera estudante dunha lingua estranxeira, á vez que fixa os diferentes niveis durante o proceso de aprendizaxe.

A influencia do citado *Marco de referencia* ten o seu reflexo en moitos dos aspectos que introducen as leis educativas. En primeiro lugar, sinala o aspecto comunicativo da lingua, en tanto que os alumnos deben ser capaces de realizar unha serie de tarefas de comunicación. Á súa vez, estas tarefas de comunicación lévanse a cabo unha vez que o alumno interiorizou unha serie de mecanismos da lingua. Esta reflexión sobre o proceso de aprendizaxe é un dos puntos clave, tanto do *Marco* como das nosas leis educativas. Na mesma liña, as tarefas de comunicación activan unha serie de competencias, non só a comunicativa, que todo estudante dunha lingua estranxeira debe desenvolver: competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal.

Os alumnos empregarán estratexias de comunicación de maneira natural e sistemática, co fin de realizar satisfactoriamente os actos de comunicación a través dunha serie de destrezas tanto produtivas (*conversar, falar, escribir*) como receptivas (*escoitar e ler*), e todas elas fundadas na interacción. As normas vixentes insisten en todas elas, pero de maneira especial en *ler e desenvolver estratexias lectoras*.

En canto á **avaliación**, establécese que debe ser continua e non só das competencias que desenvolveu e das destrezas que domina, senón que o alumno tamén debe realizar autoavaliacións do seu propio proceso de aprendizaxe (*Portfolio Europeo das Linguas*).

Finalmente, atopámonos con tres palabras que desenvolve de xeito especial a normativa vixente: flexibilidade, diversidade e cooperación. É evidente que cada individuo é un ser singular cunhas necesidades particulares, por iso o profesor ten que, na medida do posible, proporcionarlle a cada un o material específico para que o alumno alcance os seus obxectivos comunicativos a curto ou a medio prazo, de igual maneira que lle debe ofrecer material complementario a aqueles alumnos máis capacitados. Todos eles deben traballar de maneira cooperativa ao longo do curso creando así no ámbito da aula un ambiente de respecto que poida trasladarse a outros ámbitos da

súa vida. Estas son, en liñas xerais, as características innovadoras propostas polo *Marco de referencia europeo* e as nosas leis educativas.

A aprendizaxe de linguas estranxeiras constitúe unha necesidade de achegamento á información, ao coñecemento e ás tecnoloxías, así como as distintas formas e estilos de vida e maneiras de pensar de diferentes culturas.

É este coñecemento o que posibilita o contacto con costumes e formas de vida diferentes e o que promove unha actitude de tolerancia e respecto cara a outros países, aos seus falantes e á súa cultura.

Ademais, dende o IES de Allariz temos presente que as linguas estranxeiras teñen que ser abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

2. 1. Programación de educación en valores

O presente documento amosa integrada a educación en valores nos obxectivos, nos diferentes bloques de contidos e nos criterios de avaliación. A área de lingua francesa concretará a súa relación coa educación en valores nas propostas de aula.

Podemos mostrar o vínculo coa educación moral, cívica, para a paz e para a igualdade de oportunidades entre sexos por medio do fomento ao desenvolvemento de actitudes como:

- Valoración positiva da realidade plurilingüe e pluricultural do mundo.
- Sensibilidade cara á calidade dos textos propios e alleos como medio para asegurar unha comunicación fluída e clara.
- Respetto polas normas básicas da lingua.
- Valoración da lingua como produto e proceso sociocultural e como vehículo de transmisión e creación cultural de Francia.
- Valoración crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación social e a publicidade, mostrando especial sensibilidade cara ós que supoñen unha discriminación social, sexual, racial, etc., na cultura francesa.
- Valoración crítica dos prexuízos sexistas e recuperación e integración do patrimonio literario das mulleres.

Os valores que fomentaremos nas aulas de francés serán a confianza, o diálogo, a sinceridade, a cooperación, a honestidade, o respecto, a constancia, a tolerancia, a responsabilidade, a solidariedade, a curiosidade, a creatividade e a sensibilidade.

2. 2. Accións de contribución ao plan de convivencia.

Dentro do plan de convivencia do IES de Allariz o Departamento de Francés propón os seguintes obxectivos: conseguir os obxectivos educativos do centro, respectar o dereito dos nosos compañeiros e compañeiras a poderen traballar, conseguir un espazo para nós mesmos onde nos sintamos respectados, axudados e comprendidos, e conseguir mellorarnos como persoas e profesores/as deste centro. Seguiremos as indicacións do plan de convivencia do centro en todos os aspectos.

3. CONTRIBUCIÓN DESTA MATERIA Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E CLAVE.

Dende a materia de francés contribúese á adquirir algunhas das competencias básicas mediante a adquisición, á súa vez, das seguintes subcompetencias:

1. *Competencia en comunicación lingüística.*
 - 1.1. Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social.
 - 1.2. Ser capaz de escoitar, falar e conversar en francés.
 - 1.3. Ser capaz de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación.
 - 1.4. Saber ler textos en francés e así ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
 - 1.5. Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.
 - 1.6. Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa se coñecen.

2. *Competencia en tratamento da información e competencia dixital.*
 - 2.1. Acceder a todo tipo de información que se poida encontrar en francés.
 - 2.2. Utilizar o francés para comunicarse con outras persoas a través do correo electrónico, en intercambios ...
 - 2.3. Crear contextos sociais e funcionais de comunicación.
 - 2.4. Aproveitar os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.

3. *Competencia social e cidadá.*
 - 3.1. Utilizar o francés como vehículo de comunicación e transmisión cultural.

- 3.2. Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferencias culturais e de comportamento.
- 3.3. Intercambiar información persoal en francés para reforzar a identidade dos interlocutores.
- 3.4. Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros e favorecer o feito de aprender dos demais e con eles.
4. *Competencia artística e cultural.*
 - 4.1. Aproximarse, mediante o estudio da lingua, a outros autores que contribuíron dende distintas áreas á manifestación artística.
 - 4.2. Expresar en francés opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas.
 - 4.3. Realizar traballos creativos de forma individual e en grupo.
 - 4.4. Realizar representacións de simulacións e narracións.
5. *Competencia para aprender a aprender.*
 - 5.1. Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.
 - 5.2. Reflexionar sobre a propia aprendizaxe para identificar como se aprende mellor e que estratexias son máis eficaces.
 - 5.3. Ser consciente da importancia da atención, da concentración, da memoria, da comprensión, etcétera, para afrontar o reto da aprendizaxe.
6. *Autonomía e iniciativa persoal.*
 - 6.1. Adquirir unha conciencia de valores e actitudes tales como a responsabilidade, a perseveranza, o autocoñecemento, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, asumir riscos ...
 - 6.2. Ser capaz de elixir con criterio propio, imaxinar proxectos e levar adiante accións, tanto no plano individual como en grupo.
 - 6.3. Conseguir transformar as ideas en accións pasando polas fases de análise, desenvolvemento, planificación, toma de decisións, actuación, avaliación, autoavaliación, conclusións e posibles melloras.
 - 6.4. Dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo. Poñerse no lugar do outro, valorar as súas ideas, dialogar e negociar, ser asertivos e traballar de forma cooperativa e flexible, “empatizar”, ter espírito de superación e asumir riscos.

Todas estas competencias e subcompetencias poñen en xogo diversas estratexias e utilízanse diferentes destrezas lingüísticas e discursivas de forma contextualizada. Polo tanto, as actividades nas que se usa a lingua estranxeira están enmarcadas en ámbitos que poden ser de tipo público (todo o relacionado coa interacción social cotiá), persoal (relacións familiares e prácticas sociais individuais), laboral ou educativo. O alumnado utilizará estratexias de comunicación de forma natural e sistemática, coa finalidade de facer eficaces os actos de comunicación realizados a través das destrezas comunicativas. As destrezas que se desenvolverán serán: productivas (*falar, conversar e escribir*), receptivas (*escoitar e ler*) e baseadas na interacción ou mediación.

Dito isto, a **orientación metodolóxica** pola que se optou no libro de texto pódese resumir nos seguintes puntos:

- Utilización do enfoque “actionnel”, onde o alumno aprende tendo en conta o proxecto concreto que debe presentar en cada unidade; as tarefas ou actividades convértense en misións para adaptarse ao contexto escolar.
- Formulación dos contidos de forma clara e progresiva.
- Fomentar unha aprendizaxe activa e práctica na que o alumno sempre poida interactuar co profesor ou co resto da clase.
- Emprego de materiais motivadores.
- Facilitarlle ao alumno as estratexias necesarias para que a súa aprendizaxe sexa autónoma e reflexiva.
- Fomento da competencia intercultural, abordando diferencias e similitudes entre nós e o mundo francófono.

Os proxectos constituirán o núcleo da planificación didáctica e neles integraranse as actividades de aprendizaxe, os obxectivos, os contidos e a avaliación, conformando unidades de programación. Entre outros criterios, no deseño das actividades e tarefas tivéronse en conta as etapas que se deben seguir no seu desenvolvemento, os coñecementos previos, o tratamento integrado dos compoñentes lingüísticos, destrezas e estratexias, os logros finais que se pretenden conseguir e as posibilidades de adaptación á diversidade da aula.

A aprendizaxe do francés proporcionaralle ao alumno non só unhas competencias para poderse comunicar, senón que tamén lle proporcionará uns coñecementos culturais e sociais da cultura da lingua que está a estudar, que lle axudarán a conformar unha personalidade aberta e tolerante cara o que é diferente. Desta maneira conseguirase a formación integral do individuo.

4. OBXECTIVOS PARA O CURSO

Os **obxectivos** aparecen desenvolto de maneira específica para cada curso tendo en conta o curriculum vixente e a LOMCE. A ensinanza da lingua estranxeira nesta etapa, de acordo cos desenvolvementos curriculares das leis educativas, terá como finalidade a consecución das seguintes **capacidades**:

1. escoitar e comprender a información xeral e a específica dos textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
2. expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, adecuada e con certo nivel de autonomía.
3. ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e aos intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas, utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.
5. utilizar de forma correcta os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
8. apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.
9. valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación no entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
10. manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e o uso da lingua estranxeira.

5. OBXECTIVOS, CONTIDOS E AVALIACIÓN POR NIVEL

No curso 2020-21

6. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Todos estes obxectivos aparecen debidamente asociados aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe previstos para este nivel e aos que nos remitimos pero ademais como obxectivos específicos establecemos os seguintes:

1º ESO

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- Comprender a información global e específica dos textos orais de comunicación habituais, procedentes de medios de comunicación audiovisual utilizando claves lingüísticas e non lingüísticas.
- Expresarse oralmente de forma sinxela en intercambios comunicativos de aula.
- Comprender a información de carácter xeral e específica de textos escritos para satisfacer necesidades básicas, comprender e facerse comprender.
- Reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira para mellorar a participación en intercambios comunicativos e na comprensión dos textos.
- Interese, respecto e valoración crítica da forma de vida e outros aspectos culturais e sociais dos países onde se fala esta lingua.

Francés. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
	<p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras clave. – Adaptación da escoita á 	<p>B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p> <p>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos</p>	<p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

Francés. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>súa finalidade (global e/ou específica).</p> <ul style="list-style-type: none"> Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
Bloque 2. Producción de textos orais				
	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> Planificación: Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. 	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>

	Francés. 1º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Execución: – Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. – Reaxuste da tarefa 	<p>estructurados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>SLEB2.2.Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3.Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>▪ SLEB2.4.Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>▪ C L ▪ A A ▪ C E C</p>

Francés. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>(emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos – Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. – Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. – Petición de axuda. – Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. – Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). – Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo. <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>		<p>SLEB2.5.Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiás, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>

	Francés. 1º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p> <p>B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.</p>	<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
			<p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>
			<p>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>
			<p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
	Bloque 4. Producción de textos escritos			

	Francés. 1º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de 	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p>	<p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
		<p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
		<p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p>	<p>SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
		<p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia</p>		

	Francés. 1º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Execución: - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.). - Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. <ul style="list-style-type: none"> - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva. 	<p>da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>

	Francés. 1º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			
	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); 	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar,</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>

	Francés. 1º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación dalgunhas similitudes e diferencias elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de similitudes e diferencias entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. <p>■ B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. 	<p>sempre que sexan traballados en clase previamente.</p> <p>B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>

Contidos sintáctico-discursivos:

Francés

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*parce que*); finalidade (*pour*); comparación (*plus, moins*); explicativas (*parce que*).
- Relacións temporais (*avant, après*).
- Exclamación (*Oh là là! On y va!*); interxección (*oui!, non! Zut!*)
- Negación (*ne/n'...pas*).
- Interrogación (*qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses (p. ex. oui, non); est-ce que?; adjectif interrogatif (p. ex. quel est ton sport préféré?)*).
- Expresión do tempo: presente; futuro (*présent, futur proche*); *impératif*.
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (*présent*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*pouvoir*); necesidade (*il faut+infinitif*); obriga/prohibición (*il faut, impératif*); permiso (*pouvoir : est-ce que je peux... ?*); intención/deseño (*vouloir*); cortesía (*distinction tu/vous*).
- Expresión da existencia (presentativos, *c'est, ce sont*); da entidade (p. ex. *articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques*); os presentativos (ex. *c'est, voilà, il est*); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. *il y a, il n'y a pas*); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares).
- Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube*
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbes de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville)*).
- Expresión do tempo: puntual (*l'heure, moments du jour (le matin, le soir)*); indicacións de tempo (*aujourd'hui*); duración (*de... à*); secuenciación (*à partir de + heure*); frecuencia (*d'habitude*).
- Expresión do modo (*à / en + medios de transporte*).

TEMPORALIZACIÓN - GRAO MINIMO DE CONSECUCCIÓN DA MATERIA

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS 1º eso

Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos
SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	✓ Ao longo de todo o curso.	1. Captar e recoñecer unha información xeral emitida en mensaxes orais ou escritas breves nun entorno familiar para o alumno. 2. Comprender e utilizar o francés para resolver os problemas comunicativos.	2. Uso de exames escritos. 3. Probas orais. 4. Observación directa. 5. Actividades na aula. 6. Traballos específicos.
✓ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.			
✓ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito			

<p>✓ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>			
<p>✓ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p>✓ Ao longo de todo o curso.</p>	<p>1. Producir mensaxes orais e escritas de carácter práctico e cotiá, respectando as normas básicas da Gramática. Isto supón a correcta utilización dos verbos en tódalas súas persoas, tanto a nivel oral como escrito.</p> <p>2. Obter de forma comprensiva e autónoma unha información global.</p>	<p>a) Probas orais. b) Observación directa. c) Actividades na aula.</p>
<p>✓ SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>		<p>3. O anterior supón o manexo dos correspondentes grupos fonéticos de ditongos, nasais, e consoantes</p> <p>4. Aplicar funcións discursivas, estruturas e entoacións apropiadas en situacións contextualizadas.</p>	

<p>✓ SLEB2.3.Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>			
<p>✓ SLEB2.4.Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>			

<p>✓ SLEB2.5.Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>			
<p>✓ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p>	<p>✓ Ao longo de todo o curso.</p>	<p>1. Producir mensaxes orais e escritas de carácter práctico e cotiá, respectando as normas básicas da Gramática.</p>	<p>a) Uso de exames escritos. b) Probas orais. c) Observación directa. d) Actividades na aula. e) Traballos específicos.</p>
<p>✓ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p>		<p>2. Comprender información básica específica da materia.</p>	
- Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados asociados (p. e. unha estrutura interrogativa para expresar interese).
- Recoñecer léxico oral de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.
- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

- Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, en que se intercambian información e opinións, se xustifican brevemente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que se produzan pausas para planificar o que se vai a dicir e en ocasións haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o que se dixo para axudar á comprensión do interlocutor.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.

Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais e convencións sociais nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, axustando a mensaxe ao destinatario e ao propósito comunicativo, e mostrando a propiedade e a cortesía debidas.

- Levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio de expoñentes comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de maneira clara ou ampliála con exemplos.
- Mostrar un bo control sobre estruturas sintácticas e discursivas de uso máis común na comunicación oral, seleccionando entre elas as máis apropiadas en función do propósito comunicativo, do contido da mensaxe e do interlocutor.
- Coñecer e utilizar o léxico oral de uso máis común relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso frecuente na comunicación oral.

- Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que ás veces resulte evidente o acento estranxeiro, ou se cometa algún erro de pronuncia que non interfira na comunicación.
- Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai a dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para o interlocutor.
- Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando as fórmulas ou indicacións máis comúns para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que poida darse certo desaxuste na colaboración co interlocutor.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

- Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.
- Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida, e relacións interpersoais (no ámbito educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes, valores), así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender información e ideas xerais presentes no texto.
- Distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e a ampliación da información (p. e. nova fronte a coñecida, ou exemplificación).
- Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas e discursivas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados asociados (p. e. unha estrutura interrogativa para expresar interese).
- Recoñecer léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de fórmulas e expresións de uso frecuente na comunicación mediante textos escritos.
- Recoñecer as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, así como as abreviaturas e os símbolos de uso común e máis específico (p. e. ©), e os seus significados asociados.

Bloque 4: Produción de textos escritos: expresión e interacción

- Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou

informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e mostrando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral.

- Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media, p. e. incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.
- Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais e convencións sociais nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, axustando a mensaxe, coa propiedade debida, ao destinatario e ao propósito comunicativo.
- Levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio de expoñentes habituais das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis común para iniciar e concluír o texto, organizar a información de maneira que resulte facilmente comprensible, ou ampliála con exemplos.
- Mostrar un bo control sobre un repertorio de estruturas sintácticas e discursivas comúns suficientes para comunicarse de forma sinxela, pero coa debida eficacia, seleccionando entre elas as máis apropiadas en función da mensaxe, o propósito comunicativo e o destinatario do texto.
- Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de fórmulas e expresións de uso moi frecuente na comunicación por escrito.
- Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda que poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.

TEMPORALIZACIÓN

1º Trimestre: Unidades 1, 2, 3 e 4

2º Trimestre: Unidades 5, 6 e 7

3º Trimestre: Unidades 8, 9 e 10

Cada unidade artículase en catro etapas principais, os títulos en primeira persoa subliñan a importancia do **rol** activo que se pide ao alumno na construción das súas competencias:

1. Je découvre– A primeira etapa organízase arredor de dous temas. Os documentos integran todas as funcións comunicativas, o léxico e a morfosintaxe que o alumno descubrirá a través de preguntas de comprensión.

2. Je mémorise– A segunda etapa dedícase á asimilación sistemática das ferramentas lingüísticas.

3. Je m'entraîne – Nesta etapa, atopamos catro páxinas dedicadas **ás estruturas morfosintácticas** e á súa aplicación. As explicacións foron formuladas de forma simple e precisa, sen abusar de termos técnicos, subliñando as analogías e as diferencias entre o francés e o español, insistindo nos “puntos débiles” para os alumnos

4. Je m'exprime—A seguinte etapa está enfocada á produción a través do reemprego das estruturas e do léxico aprendido, en contextos variados claramente comunicativos. Esta sección está dedicada tanto **a produción oral como á escrita** arredor de dúas, e ás veces ata tres, **actos de fala**.

Culture— Cada dúas unidades, unha dobre páxina de cultura reforza a asimilación dos contidos e o diálogo intercultural mediante unha serie de actividades **de dificultade crecente**

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DA MATERIA

Acadar os indicadores de logro de nivel 2 establecidos.

7. METODOLOXIA

7.1. NA ENSIANZA SECUNDARIA:

A nosa intención é a obtención dunha competencia comunicativa en tódalas súas vertentes (gramatical, discursiva, estratéxica e sociocultural) e para acadala é fundamental basearse nun enfoque comunicativo por medio de tarefas maioritariamente prácticas.

A aproximación á nova lingua en 1º da ESO, basearse principalmente na imitación e produción oral para asentar dende un principio unha boa pronuncia e darlle un enfoque comunicativo e práctico. Ata agora, o departamento sempre acordou un maior peso ás destrezas orais nos dous primeiros cursos da ESO, adecuándose progresivamente a unha maior esixencia da produción escrita nos cursos de 3º e 4º.

Deste modo, no que se refire á *comprensión oral*, nos dous primeiros cursos, daráselle máis importancia á sensibilización, á escoita, á obtención de información relevante mediante a comprensión global ou específica de textos orais.

Nos dous seguintes, incidiremos na distinción entre datos obxectivos e subxectivos e no recoñecemento de distintos rexistros de lingua, identificación do tipo de texto e as súas características textuais e lingüísticas.

No que abrangue á produción *oral*, estes últimos anos fixemos que os alumnos de primeiro e segundo realizaran pequenas producións en contextos, as veces escenificacións, pero esta competencia quedara relegada ao segundo plano, dado a ratio de alumnos por aula.

Polo que respecta á produción *escrita*, en primeiro e segundo centrarémonos na imitación de modelos, para pasar nos seguintes cursos a unha elaboración máis persoal de textos.

Para a presente programación tivemos en conta os resultados das *avaliacións iniciais* feitas ao longo das primeiras semanas de clase. Apostamos como cada ano por unha aprendizaxe efectiva partindo dos coñecementos previos dos alumnos.

7.2. NO BACHARELATO

A proposta metodolóxica exposta anteriormente para a ensinanza secundaria, será aplicable á etapa do Bacharelato con algunhas matizacións, xa que estamos ante unha etapa de ensino non obrigatorio.

Por unha banda, hai que ter en conta que nos atopamos con alumnos cun grao superior de madurez e de competencia comunicativa; isto fará que potenciemos ás actividades nas que se de prioridade os contidos de tipo conceptual á diferenza da priorización procedimental que propuxemos na etapa da E.S.O.

Por outra banda, tamén hai que ter en conta a posible presenza de alumnos que cursan por primeira vez esta materia no primeiro curso do bacharelato; isto levará ó establecemento dunha programación máis flexible para poder realizar con estes alumnos unha introdución á lingua e á cultura francesas do mesmo modo que fixemos na etapa precedente da E.S.O. Este curso contamos cunha alumna que se cambiou de modalidade en 2º de bacharelato, polo que terá que aprobar a materia de 1º de Bacharelato. Se acadada a nota de 6 na 1ª avaliación no curso de 2º de Bacharelato, consideramos aprobada a materia de 1º de bacharelato, pois no 1º trimestre faremos un repaso dos contidos esenciais do curso pasado; repaso que consideramos importante para todos os estudantes, trala suspensión das clases presenciais no mes de marzo.

O método elixido está deseñado por unha parte, para que os alumnos que non posúen un nivel adecuado, poidan optar a una introdución máis intensa duns coñecementos básicos (tal vez vistos con anterioridade e esquecidos); por outra banda, permite pola súa progresión relativamente rápida, avanzar máis, para aqueles alumnos que adquiriron as competencias adecuadas nos cursos da ESO.

O alumno poderá deste xeito completar ao final da etapa, un nivel apreciable que lle permita desenvolverse tanto na comprensión escrita e oral como na expresión.

7.3 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

- ✓ Uso dos erros e dos coñecementos previos como base imprescindible da aprendizaxe.
- ✓ Adecuación dos obxectivos da aprendizaxe ó nivel do alumno, intentando que progrese segundo uns mínimos propios de toda a clase.
- ✓ Coñecemento da personalidade e condicionamentos afectivos do alumno a fin de extraer o máximo rendemento a partir distes principios.
- ✓ Funcionalidade de todo tipo de contidos, de xeito que poidan ser utilizados en situacións reais.
- ✓ Motivación do alumno a partir dos novos conceptos aprendidos, de xeito que gañe en autoestima e vexa a utilidade do seu esforzo.
- ✓ Utilización da memoria mecánica e comprensiva como elementos do mesmo proceso.
- ✓ Enfoque comunicativo e desenvolvemento sistemático da gramática.
- ✓ Potenciación dunha aprendizaxe autónoma.
- ✓ Amosar claramente ó alumno como aprender, como controlar os erros, como controlar o aprendido e como descubrir o francés a partir doutras linguas

7.4 METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

A aprendizaxe centrarase nas actividades realizadas polos estudantes nas súas casas, realizando unha avaliación continua e formativa, aplicando a auto avaliación, e tendo en conta os parámetros de Intelixencia Emocional co fin de tratar de comprender a situación psicolóxica que pode conlevar un posible estado de alarma ou confinamento ós nosos alumnos. Tendo en conta que os estudantes deberán comunicarse a tal fin coa súa profesora por vía telemática, tentarase flexibilizar a entrega de tarefas, atendendo tamén ás necesidades tecnolóxicas que os nosos estudantes poidan presentar; a profesora corraxirá dende unha perspectiva positiva, tratando de aumentar a súa interese e motivación.

1. *Un grupo completo:*

- ✓ No horario habitual da materia, impartirase a clase de maneira telemática
- ✓ As tarefas propostas indicaranse durante a docencia online e/ou colgaranse en Google Classroom ou na aula virtual.
- ✓ As tarefas resoltas enviaranse ao profesorado por Google Classroom.
- ✓ Poderán ser corraxidas mediante:
 - clase telemática no horario da materia.
 - corrección individualizada e posterior envío por correo electrónico.
 - correccións globais explicativas subidas á aula virtual.

2. *Parte do grupo:*

- ✓ No horario habitual da materia, impartirase a clase de maneira presencial e telemática.
- ✓ Para o alumnado que acuda ás aulas, seguirase a metodoloxía habitual descrita na programación.
- ✓ Para o alumnado que non asista presencialmente; no referente ás tarefas; seguirase o procedemento descrito no apartado 1 (Grupo completo).

7.5 METODOLOXÍA NO CASO DO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR ENSINANZA TELEMÁTICA

1. *Acceso limitado a internet*, unicamente: correo, aula virtual, pero non segue a clase online
O alumnado poderá acceder a explicacións escritas detalladas, tarefas propostas e correccións personalizadas subidas á aula virtual a Google Classroom ou mediante o envío de dito material ao correo electrónico.

2. *Sen acceso a internet*

- ✓ Despois da comunicación da ausencia (total ou parcial) dos/as estudantes; tentarase (para este alumnado) nos dous días seguintes a dita comunicación, deixar impresas as explicacións detalladas, actividades propostas e actividades resoltas, desa semana:
 - En conserxería (para que o recolla alguén achegado, que non se atope en corentena)

- ✓ Se a ausencia do grupo ou do alumnado específico, se prolonga no tempo, os luns de cada semana os estudantes terán á súa disposición este material seguindo as vías anteriores.
- ✓ As dúbidas referentes á materia poderán ser resoltas mediante vía telefónica nas horas de tutoría de atención a pais e nais e/ou nas horas de xefatura de departamento.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O material escollerase en función do nivel, necesidades e intereses dos alumnos. Usaremos ata onde a normativa o permita tódalas ferramentas existentes nas redes sociais e que se adapten ás nosas necesidades de aprendizaxe. O uso de internet como ferramenta de aprendizaxe irase introducindo de xeito significativo. En cada aula contamos con ordenadores e/ou encerados dixitais que teñen sistemas operativos diferentes, polo que dificulta o uso do libro dixital, da encerados ou do propio ordenador, ao ser incompatible cos programas das editoriais. Non hai aulas abalar, e este curso, non temos á nosa disposición a aula de informática, pois foi transformada en aula de referencia para 2º da eso.

1º ESO

Método ESSENTIEL ET PLUS 1, cahier d'exercices deste método. Empregaremos os CDs e DVDs correspondentes ó libro de texto, libro dixital, web da editorial, Google Classroom, Aula Virtual, blogs, así como todo aquel material á nosa disposición no Departamento de Francés: música, outros libros de texto, BD, fotocopias,...

2º ESO

Ademais do libro de texto "TOUS ENSEMBLE" 2 e o caderno de clase do alumno (referencia fundamental) empregaremos os cds e cahier d'exercices correspondentes ó libro de texto, libro dixital, web da editorial, Google Classroom, Aula Virtual, blogs, así como todo aquel material á nosa disposición no Departamento de Francés: música, películas subtituladas, xornais, revistas, libros de lectura, dicionarios, karaoke.

3º ESO

Método e caderno de exercicios ESSENTIEL ET PLUS 3; tamén empregaremos os cds e vídeos correspondentes ó libro de texto, libro dixital, web da editorial, Google Classroom, Aula Virtual, blogs, así como todo aquel material á nosa disposición no Departamento de Francés: música, películas subtituladas, xornais, revistas, libros de lectura, dicionarios. O material escollerase en función do nivel, necesidades e intereses dos alumnos. Os alumnos poderán ler un libro aínda por determinar, e farémolo na Hora de Ler establecida polo centro.

4º ESO

Ademais do libro de texto e do cahier d'exercices "TOUS ENSEMBLE" 4, empregaremos os cds e vídeos correspondentes ó libro de texto, libro dixital, web da editorial, Google Classroom, Aula Virtual, blogs, así como todo aquel material á nosa disposición no Departamento de Francés: música, películas subtituladas, xornais, revistas, dicionarios, karaoke. Iniciaranse na lectura de pequenos libros en francés. O material escollerase en función do nivel, necesidades e intereses dos alumnos. Os alumnos lerán un libro aínda por determinar, e farémolo na Hora de Ler establecida polo centro.

1º BACHARELATO FR 2ª LINGUA

O método utilizado é "GÉNÉRATION LYCÉE 1". Sen cahier de exercicios, pero que se poderán facer na aula, a través da pantalla dixital. Utilizaremos Google Classroom, a Aula Virtual, e diversos blogs.

2º BACHARELATO FR 2ª LINGUA

O método utilizado é "GÉNÉRATION LYCÉE 2". Usaremos todos os recursos do departamento, e os postos á nosa disposición pola editorial, así como Google Classroom, Aula Virtual, blogs. Faremos os exercicios das probas Abau de anos anteriores, coa finalidade de familiarizarse con este tipo de exames.

9. AVALIACIÓN CONTINUA, INSTRUMENTOS E AVALIACIÓN. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación será continua, atendendo ó desenrolo de capacidades e ó esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido así como á consecución dos obxectivos propostos.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas), a reflexión sobre a lingua e aspectos socioculturais así como as competencias básicas.

Nestes niveis de debutantes e elemental a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos modos, dado que no contexto escolar é necesaria establecer unha avaliación sumativa, establecemos os seguintes **criterios**:

□ **A expresión oral** avaliarase na actividade de aula, nas interrelacións cos compañeiros e co profesor. Pode tamén establecerse unha proba específica individual, atendendo ós obxectivos de cada unidade: na que se avaliará a corrección formal, a pronunciación, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente.

□ **A comprensión oral** avaliarase cunha proba de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a capacidade de comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, identificar obxectos ou imaxes, identificar e saber responder ás mensaxes do profesor ou dos compañeiros.

□ **A comprensión escrita** avaliarase tamén con exercicios simples nos que a presenza da imaxe aporte unha información clara: descubrir erros, completar imaxes, sinalar persoas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos, etc.

□ **A expresión escrita** avaliarase con exercicios simples a través dun modelo, en particular no primeiro curso: enquisa, pregunta-resposta, fichas, que se ampliará no segundo curso en completar diálogos ou pequenas mensaxes cun contexto claro e que constará en 4º ESO dunha pequena redacción.

9.1 INSTRUMENTOS E PROCEDIMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Os instrumentos de avaliación axudarán a obter información sobre o avance dos alumnos no proceso de aprendizaxe e sobre a planificación e decisións tomadas durante o mesmo. Para a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe aconséllase utilizar a observación directa na aula, cuestionarios, análises de tarefas, diarios, cadernos de traballo, etc.

Así mesmo, ao final de cada unidade atopamos unha sección de autoavaliación con actividades concretas na que cada alumno poderá coñecer o seu nivel de progresión.

Ademais, o profesor ten á súa disposición como material complementario unha serie de probas para a avaliación dos alumnos nas *Ressources photocopiabiles*: Actividades de reforzo, lecturas complementarias e fichas de avaliación

Por outra parte, ánimoaselle ao alumno a avaliar o seu propio traballo completando o *Portfolio* que, de xeito independente, se pode facer ao longo do curso.

Non só se terán en conta os exames, senón tamén o traballo realizado na clase, as tarefas feitas na casa, o esforzo diario, as actividades voluntarias, o caderno persoal e a actitude na aula.

Nas clases de francés utilizarase o galego ou o castelán como lingua de apoio. No referente á nota das diferentes avaliacións, terase en conta as actitudes e os procedementos (copiar, deixar copiar, faltar aos exames, faltar ó respecto, comportamento non adecuado nas aulas, falar e molestar nas clases, etc.). No caso de que haxa fraude nunha proba de avaliación (chuletas, copiar ou calquera outro medio ilícito), o alumno suspenderá esta avaliación. Poderase realizar as probas da materia por escrito e/ou oralmente.

- ✓ **A media dos exames e das probas orais e escritas obterase a partir dun 3'5.**
- ✓ **A nota final calcularase deste xeito: 50% (1ª + 2ª avaliación) + 50% (3ª avaliación)**

- **En 1º e 2º da ESO, 2 FLE:**

Gramática + expresión e comprensión escrita: **6 puntos**

Comprensión oral e/ou intervencións : **1 punto**

Expresión oral (participación, caderno, tarefas, presentacións, lectura): **2 puntos**

Actitude cara a materia (puntualidade na entrega de traballos, traer material, caderno, interese, esforzo e participación): **1 punto**

* *Se non se pode realizar a proba de Comprensión Oral, a Gramática + EE + CE valerá 7 puntos*

TOTAL: / 10

- **En 3º e 4º da ESO, 2 FLE:**

Gramática + expresión e comprensión escrita: **5 puntos**

Comprensión oral: **2 puntos**

Expresión oral (participación, caderno, tarefas, presentacións, lectura): **2 puntos**

Actitude cara a materia (puntualidade na entrega de traballos, , traer material, caderno, interese, esforzo e participación): **1 punto**

TOTAL: / 10

Aquel alumno suspenso que non acade polo **menos un 5 de media final** (agás problemas disciplinarios) poderá concorrer a unha proba de recuperación ao final do 1º e/ou 2º trimestre na que se avaliarán as competencias pendentes. Na nota final de xuño.

- **1º BACHARELATO 2ª Lingua**

Nos cursos de Bacharelato a avaliación da **comprensión e expresión escrita** así como da **gramática** realizarase **mediante unha mesma proba escrita**, por unidades. Faranse dúas ou tres probas por trimestre, acorde coa temporalización marcada (tres unidades por trimestre).

A **expresión oral** avaliaranse preferentemente na **actividade de aula** (aínda que se poda completar a avaliación da expresión cunha proba específica).

A **comprensión oral** avaliarase mediante unha proba de *Écoute* (unha ou dúas por trimestre) ademais das actividades da aula.

A **proba escrita** representará un **50 %** da nota, mentres que a actividade de aula (expresión e comprensión oral, deberes e actitude) o restante **50%**.

Gramática + expresión e comprensión escrita: **5 puntos**

Comprensión oral: **2 puntos**

Expresión oral (participación na aula, lectura en voz alta, entrevistas, diálogos, exposicións de traballos): **2 puntos**

Actitude cara a materia (asistencia a clase, puntualidade na entrega de traballos, interese pola materia, esforzo e participación): **1 punto**

TOTAL: / 10

• **2º BACHARELATO** **2ª Lingua**

Nos cursos de Bacharelato a avaliación da **comprensión e expresión escrita** así como da **gramática** realizarase **mediante unha mesma proba escrita**, por unidades. Faranse dúas ou tres probas por trimestre, acorde coa temporalización marcada (tres unidades por trimestre).

A **expresión oral** avaliaranse preferentemente na **actividade de aula** (aínda que se poda completar a avaliación da expresión cunha proba específica).

A **comprensión oral** non se avaliara mediante unha proba de *Écoute*, pois daremos prioridade á expresión escrita, en vistas á preparación das probas *Abau*, senón que se avaliará mediante as actividades da aula.

A **proba escrita** representará un **70 %** da nota, mentres que a actividade de aula (expresión e comprensión oral, tarefas) o restante **30%**.

Gramática + expresión e comprensión escrita: **7 puntos**

Expresión oral (participación na aula, lectura en voz alta, entrevistas, diálogos, exposicións de traballos): **2 puntos**

Actitude cara a materia (asistencia a clase, puntualidade na entrega de traballos, interese pola materia, esforzo e participación): **1 punto**

TOTAL: / 10

9.2 CRITERIOS QUE SUPOÑEN UN ABANDONO MANIFESTO DA MATERIA

- Que o alumno non participe sistematicamente por oral ou por escrito nas clases cando se lle solicita.
- Que non faga os traballos orais ou escritos encomendados para a casa.
- Que haxa unha desinterese total á hora de realizar as probas orais ou escritas.
- Que tódalas notas sexan inferiores a un 3,5.
- Que teña unha actitude continuamente negativa cara a materia.
- Que falte sistematicamente a clase.
- Que non se presente ós exames.

10. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Aquel alumno suspenso que non acade polo menos un **5** de media final poderá concorrer a unha proba de recuperación ao final do curso, nas que se avaliarán as competencias pendentes. Na nota final de xuño.

11. INDICADORES DE LOGRO PARA VALIDAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

	1	2	3	4
1. Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro dos obxectivos.				
2. Motivo os alumnos comunicándolles o obxectivo das actividades				
3. Utilizo unha metodoloxía variada				
4. Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (busca de información, investigación,...)				
5. Vario a organización da clase en función da tarefa.				
6. As actividades propostas están relacionadas coa vida real				
7. Cando comezamos unha unidade ou tema novo, os alumnos/as coñecen: os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar, como se avaliará...				
8. Uso recursos e materiais variados para á aprendizaxe: material audio, audiovisual, material impreso..				
9. O alumnado é protagonista da clase.				
10. Consulto a programación ao longo do curso e é un documento flexible ao contexto.				
11. Utilizo instrumentos claros para a avaliación.				

12. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

O departamento de francés non conta ó inicio do presente curso con alumnos coa materia pendente, pois os que non aprobaron en setembro, están repetindo curso. Se ó longo do curso se incorpora algún estudante coa materia pendente, este departamento comprometerase a poñerse en contacto con eses alumnos con francés pendente de 1º, 2º e / ou 3º da E.S.O para indicarlles a

forma de superala (criterios de avaliación, contidos pendentes). Este curso, intentaremos facer un exame de recuperación da materia pendente na 1ª avaliación, para evitar que os alumnos teñan todo o curso esa tarefa por realizar, e como se presentaron ós exames extraordinarios de setembro, teñen a materia mais presente.

Para os alumnos con francés pendente de 1º, repartiremos un **caderniño** de actividades de repaso para facer ao longo do trimestre e que contará un 60% da nota. O 40% restante da nota resultará dunha **defensa oral** sobre os contidos mínimos esixibles para 1º da E.S.O.

No caso de alumnos pendentes da materia de 2º e 3º, o departamento poñerá en contacto con eles persoalmente, e a través do taboleiro de anuncios do centro, para a entrega do caderniño de actividades e dos criterios e procedementos de recuperación. Entregaráselle a cada alumno un caderniño que desenvolva a materia pendente (fotocopias de gramática, conxugación, léxico, etc.) de xeito que poidan traballar os contidos por si mesmos. En calquera caso, se fora preciso, poderían ser atendidos pola xefa departamento na hora de reunión ou nos recreos.

Para superar a materia será indispensable entregar o caderniño de actividades o día da súa defensa, establecido polo centro como exame de pendentes da 1ª, 2ª e 3ª avaliación. O caderniño representará o 60% da nota e a proba escrita o restante 40%.

O alumnado que non acade un promedio de 5 (exercicios + exames) ao longo do curso, terá un **exame final** que o Departamento fará na data indicada no calendario establecido pola Dirección.

14. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS.

O inicio de curso, nas clases procederáse a unha avaliación oral e escrita para determinar o nivel inicial dos alumnos que permita ao profesorado coñecer con maior precisión o nivel de competencias acadado, os coñecementos reais de cada alumno e detectar os posibles problemas que poidan existir, para solicitar a intervención doutros sectores se é necesario (titor, xefatura de estudos, departamento de orientación, familia...) e establecer unha primeira guía de actuación para corrixir estes. Se dito nivel non fose o correspondente os mínimos do curso anterior procederíase a revisar durante os primeiros días.

En primeiro da ESO hai que ter en conta que non hai coñecementos previos da lingua, temos que partir de cero.

15. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA E.S.O

A RESPOSTA: DIVERSIFICACIÓN

Educación en la diversidad es una actitud y una convicción antes que un recurso técnico. (Muñoz, E., y Alginet, J., *Comprensividad y diversidad*. Cuadernos de Pedagogía, número 183).

A atención á diversidade require unha intervención o suficientemente variada e diversificada como para que cada alumno atope as condicións óptimas para desenvolver con éxito a súa

aprendizaxe. Polo tanto, flexibilizar a intervención pedagóxica é unha condición obrigada se se quere atender axeitadamente á diversidade dos alumnos. Esta diversidade queda reflectida nas diferencias que presentan os alumnos en canto a:

- Coñecementos previos.
- Ideas e representacións respecto á materia, neste caso, o francés.
- Intereses e expectativas.
- Aptitudes.
- Idades e madurez
- Distintos ritmos de aprendizaxe.
- Diferentes estilos de aprendizaxe.
- Actitudes con respecto á escola.

Este departamento comprométense a ter en conta estas diferencias e prever que todos os seus alumnos adquiren un nivel de coñecementos e destrezas mínimos ó final da etapa, procurando dar as oportunidades e os medios necesarios para compensar os elementos e destrezas non adquiridos no seu momento.

Ó mesmo tempo, cada un de nos terá que prever novas fontes e materiais para satisfacer as necesidades de ampliación de aqueles alumnos que acaden máis rapidamente os obxectivos fixados.

Onde o profesor encontrará material de apoio importante para esta tarefa será precisamente nas *Actividades de reforzo*, no que se presentan actividades para traballar as cinco destrezas, adaptadas aos diferentes niveis de competencia dos alumnos.

Así mesmo, no *libro interactivo* tamén existe unha variedade de actividades en función do nivel dos alumnos.

Para favorecer-lo tratamento recorreremos á diversificación dentro da aula.

• **Organización do espazo-clase e agrupamentos do alumnado segundo:**

- Os seus intereses e motivacións (a ter en conta á hora do reparto de tarefas, o reparto dos roles nas escenificacións, na procura do equilibrio e cooperación).
- As aptitudes (equilibrar os grupos de traballo)

• **Aplicación de distintas modalidades de traballo:**

- Traballo individual, en parellas, en pequeno ou gran grupo.
- Traballo en grupo de corte individual (aportacións de cada alumno) ou cooperativo (negociación e aportación consensuada).

• **Utilización de diversos materiais e soportes:**

- Auditivos, escritos, visuais, dixitais

- **Alternancia de actividades e duración das mesmas:** diferentes itinerarios e secuenciacións para a mesma actividade.
- **Diversificación de contidos para un mesmo obxectivo:** manipulación de contidos distintos dentro dun traballo cooperativo.

Salientamos que na nosa área, e por ter un carácter opcional, aos alumnos con ACI ou que presenten dificultades académicas a nivel lingüístico eximiráselle da materia, e serán atendidos pola pedagoga terapéutica na horas de clase. Este ano contamos con varios alumnos no primeiro ciclo da E.S.O, nesa situación, pero que de momento teñen que acudir a clase de francés. Non está previsto que saian da aula coa profesora de apoio, aínda que está en estudio.

16. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O artigo 4 do decreto 86/2015 establece que todas as disciplinas deben traballar conxuntamente os elementos transversais seguintes que o noso Departamento traballa constantemente e asume na súa integridade:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o

alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4.No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Todos estes elementos transversais serán traballados constantemente na aula pero sobre todo nos **Jeux de rôle** e nas **Simulations** que permiten crear situación de realidade onde o alumnado expresa a súa personalidade e, polo tanto, pon de relevo os prexuízos sociais que deben ser cuestionados constantemente sen acritude pero con firmeza.

Tamén as cancións e os documentos auténticos da prensa escrita e da televisión permiten un debate sobre estes elementos transversais que a Lomce especifica.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Durante este curso, o Departamento non ten previstas actividades extraescolares, o protocolo Covid establece unhas medidas de prevención sanitarias necesarias e polo tanto, a prohibición, por parte da Consellería de Educación, deste tipo de actividades.

O Departamento centrarase en seguir reclamando os importes dos billetes de avión do Intercambio de Marsella, e o total reembolso da viaxe a Futuroscope, ambas actividades anuladas polo Estado de Alarma decretado polo Goberno no pasado mes de marzo.

18. MECANISMO DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Analizaranse con detalle os desaxustes, en caso de se produciren, da programación e procederase á súa corrección. Unha programación debe ser suficientemente flexible para adaptarse á realidade das aulas e deberá ser modificada se o desenvolvemento do curso do proceso de ensino aprendizaxe así o precisa. Farase un estudio estatístico dos resultados académicos nos diferentes niveis e acordaranse as medidas correctoras necesarias sobre todo se

o índice de suspensos supera o 25 %, xa que un índice elevado de aprobados significará necesariamente unha boa adecuación da programación á realidade das aulas.

No presente curso teremos en conta os contidos dos diferentes niveis da ESO, dado que utilizamos, para 1º e 3º os manuais de Santillana, e para 2º e 4º, os de Vicens Vives. Isto implica a *corrección* de contidos, pois non coinciden, e atopámonos con contidos repetidos en varios cursos, así como que hai outros que non aparecen nos manuais, porque se darían no curso anterior, se se usara o libro da mesma editorial, pero que non é o noso caso. Estas correccións e cambios, irémolas facendo ó longo do curso, e quedarán rexistradas no Libro de Actas do Departamento

Os aspectos básicos sometidos a avaliación serán:

- As aprendizaxes logradas polo alumnado.
- As medidas de individualización da ensinanza con especial atención ás medidas de apoio e reforzo utilizadas.
- A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais e con necesidades educativas especiais.
- A relación co alumnado, así como o clima de convivencia.
- A coordinación co resto de profesores de cada grupo e no seo do departamento.
- As relacións co titor ou a titora e, no seu caso, coas familias

ALLARIZ, 8 DE OUTUBRO DE 2020.

OLALLA CALO ROMAY

SANDRA POTI FERREIRA

PROFESORA DE FRANCÉS

XEFA DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.

Asdo: Olalla CALO ROMAY

Asdo. Sandra POTI FERREIRA